

1.4. Agregados da renda

O MAIOR DINAMISMO DA ECONOMÍA GALEGA EN 2004 VEU ACOMPAÑADO POLO INCREMENTO das tensións inflacionistas (medidas polas taxas de variación interanual do Índice de Prezos ao Consumo), así como dunha ralentización do ritmo de crecemento da ocupación e unha moderación dos custos laborais (máis acusada no caso dos custos non salariais). Os datos do terceiro trimestre de 2004 indican que as diferentes variables de actividade empresarial presentan taxas de variación interanuais positivas, aínda que se produce unha desaceleración do VEB a custo de factores por mor da evolución dos custos externos, que fan que os consumos de explotación medren por riba dos ingresos de explotación.

O indicador de renda salarial real, que indica a capacidade de compra, medrou en 2004 un 3,0% respecto ao ano anterior, como consecuencia do crecemento do 2,8% da afiliación asalariada e dunha medra de dúas décimas no poder adquisitivo dos salarios.

O punto de partida deste capítulo é a análise da evolución do nivel de prezos, para centrarse posteriormente nos agregados da renda: a súa asignación e distribución, custos e salarios e resultados empresariais.

INFLACIÓN

A inflación galega, medida a través da taxa de variación interanual en decembro do índice xeral do **Índice de Prezos ao Consumo** (IPC), ascendeu a 3,3% en 2004, un punto porcentual superior á experimentada no ano anterior. En media anual, a taxa de variación en 2004 foi do 3,0%, unha décima inferior á experimentada no ano anterior, e similar á que se produce no conxunto do Estado.

No conxunto do Estado, a taxa de variación interanual medrou un 3,2% en 2004, seis décimas máis que a do ano anterior. Comparado co resto das comunidades autónomas, **cadro 1.4.2.**, o incremento dos prezos en Galicia tan só é superada pola rexistrada en Cataluña, cun incremento dos prezos do 3,6%, e en Castela A Mancha, C. Valenciana e Ceuta e Melilla, cunha medra do 3,4%.

A provincia de A Coruña volve a presentar as taxas de variación máis elevadas, cun incremento de prezos do 3,6%, seguida de Lugo e Ourense, co 3,3% e 3,2%, respectivamente. No último ano, Pontevedra experimenta o menor crecemento dos prezos, cun 3,0%.

Tanto en Galicia como no conxunto do Estado, o grupo dos transportes é o que presenta a maior taxa de crecemento, co 6,6% e 6,0%, respectivamente. Outros catro grupos do IPC –vivenda; hoteis, cafés e restaurantes; bebidas alcohólicas e tabaco; e ensino– rexistran medras superiores á experimentada polo índice xeral. Pola contra, a inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) presentou en 2004 unha taxa de crecemento do 3,0% en Galicia, unha décima máis que en España.

Evolución do indicador de renda salarial real en Galicia 2003-2002

	Indicador de renda salarial real	Afiliación asalariada	Poder adquisitivo dos salarios	Taxa interanual de inflación
I - 2003	2,97	3,5	-0,5	4,0
II - 2003	3,82	3,5	0,3	3,0
III - 2003	3,69	3,3	0,4	2,9
IV - 2003	4,26	2,9	1,4	2,4
I - 2004	3,71	2,6	1,1	2,1
II - 2004	2,73	2,6	0,1	3,1
III - 2004	2,73	2,8	-0,1	3,3
IV - 2004		2,6		3,6

Fonte: IGE, Contabilidade Trimestral

CADRO 1.4.1. ►

CADRO 1.4.2. ►

CADRO 1.4.3. ▼

IPC xeral ⁽¹⁾ nas CC.AA. 2003-04 taxas de variación interanuais

	2003	2004	04-03
	(%)		(en puntos porcentuais)
Andalucía	2,6	3,1	0,5
Aragón	2,4	3,2	0,8
Asturias	2,4	3,1	0,7
Baleares	2,3	3,0	0,7
Canarias	1,9	2,5	0,6
Cantabria	2,6	2,8	0,2
Castela e León	2,1	3,1	1,0
Castela-A Mancha	2,6	3,4	0,8
Cataluña	3,1	3,6	0,5
C. Valenciana	2,4	3,4	1,0
Extremadura	2,1	2,8	0,7
Galicia	2,3	3,3	1,0
A Coruña	2,6	3,6	1,0
Lugo	1,9	3,3	1,4
Ourense	2,2	3,2	1,0
Pontevedra	2,3	3,0	0,7
Madrid	2,6	3,1	0,5
Murcia	3,2	3,3	0,1
Navarra	2,8	3,3	0,5
A Ríoxa	2,6	3,2	0,6
País Vasco	2,4	3,3	0,9
Ceuta-Meliilla	3,6	3,4	-0,2
Total	2,6	3,2	0,6

(1) base 2001
Fonte: INE**IPC galego e español 2003-04: distribución segundo grupos ⁽¹⁾**

	2003		2004		04-03	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
			(%)		(en puntos porcentuais)	
Xeral	2,3	2,6	3,3	3,2	1,0	0,6
Alimentos e bebidas non alcohólicas	3,3	4,1	2,5	3,0	-0,8	-1,1
Bebidas alcohólicas e tabaco	2,1	2,8	4,8	5,5	2,7	2,7
Vestido e calzado	2,3	2,5	1,8	2,1	-0,5	-0,4
Vivenda	2,9	2,8	5,2	4,1	2,3	1,3
Menaxe	2,2	1,7	2,2	1,8	0,0	0,1
Medicina	1,8	2,0	0,7	0,2	-1,1	-1,8
Transporte	0,8	1,0	6,6	6,0	5,8	5,0
Comunicacións	-0,4	-0,2	-0,9	-0,7	-0,5	-0,5
Ocio e cultura	0,3	0,1	0,4	-0,1	0,1	-0,2
Ensino	4,5	4,3	4,0	4,2	-0,5	-0,1
Hoteis, cafés e restaurantes	3,6	4,1	4,9	4,2	1,3	0,1
Outros bens e servizos	3,0	3,1	2,3	2,8	-0,7	-0,3

(1) taxas de variación anuais
Fonte: INE

IPC galego e español 2004: índice e taxas de variación mensuais e anuais


	Índice		Variación mensual (1)		Variación anual (2)		Variación no que vai de ano	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(Base 2001 = 100)				(%)			
Xaneiro	107,6	107,4	-0,9	-0,7	2,2	2,3	-0,9	-0,7
Febreiro	107,7	107,5	0,1	0,0	2,0	2,1	-0,8	-0,7
Marzo	108,5	108,2	0,7	0,7	2,0	2,1	-0,1	0,0
Abril	110,0	109,7	1,4	1,4	2,5	2,7	1,3	1,4
Maio	110,7	110,4	0,7	0,6	3,3	3,4	2,0	2,0
Xuño	111,0	110,5	0,2	0,2	3,5	3,5	2,2	2,2
Xullo	109,8	109,7	-1,0	-0,8	3,2	3,4	1,2	1,4
Agosto	110,3	110,2	0,4	0,4	3,3	3,3	1,6	1,8
Setembro	110,6	110,4	0,3	0,2	3,3	3,2	1,9	2,0
Outubro	112,1	111,5	1,4	1,0	3,7	3,6	3,3	3,1
Novembro	112,4	111,8	0,2	0,2	3,7	3,5	3,5	3,3
Decembro	112,2	111,7	-0,2	-0,1	3,3	3,2	3,3	3,2

(1) calculada sobre o mes anterior

(2) calculada sobre o mesmo mes do ano anterior

Fonte: INE

Evolución mensual do IPC xeral en Galicia e España 2003-04



Fonte: INE

Como reflicten o **cadro 1.4.4.** e o **gráfico 1.4.1.**, no primeiro tercio do ano 2004, a diferenza do acontecido no ano anterior, é cando se rexistran os incrementos dos prezos máis moderados. Pola contra, as maiores taxas de inflación prodúcense nos meses de outubro, novembro e xuño. O devandito gráfico sinala que entre os meses de agosto de 2003 e 2004, a inflación en Galicia sitúase por baixo, ou ao mesmo nivel, da española.

▲ CADRO 1.4.4.

▲ GRÁFICO 1.4.1.

No concernente a outros indicadores de prezos, o **cadro 1.4.5.** amosa que a taxa de variación interanual do **índice xeral de prezos industriais** rexistrou en Galicia no último ano unha medra do 3,5% respecto ao ano anterior, sendo esta porcentaxe punto e medio inferior á rexistrada no conxunto do Estado. Os maiores incrementos experimentáanse nos bens enerxéticos e nos bens intermedios, cunha medra do 6,3% e 5,2%, respectivamente. O IPI correspondente aos bens de consumo medrou un 1,8% e os bens de equipamento, un 1,4%.

Índice de prezos industriais nas CC.AA. segundo destino económico 2004: taxas de variación anuais

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradero	Bens de consumo non duradero	Bens de equipo	Bens intermedios	Energía
Andalucía	8,6	4,6	3,5	4,8	0,2	12,4	14,7
Aragón	3,7	5,4	6,1	5,1	1,6	5,0	1,8
Asturias	9,7	2,6	0,8	2,9	3,9	19,0	2,9
Baleares	1,7	2,2	2,2	2,3	0,1	1,8	1,2
Canarias	7,7	1,1	7,8	0,8	3,0	2,7	18,3
Cantabria	10,8	1,0	-2,6	2,5	0,7	20,2	3,7
Castela e León	2,9	1,9	0,2	2,1	3,4	3,6	3,1
Castela-A Mancha	6,1	3,0	2,5	3,1	2,3	6,8	8,7
Cataluña	3,8	2,8	1,9	3,1	1,4	5,0	6,2
C. Valenciana	6,9	2,3	2,5	2,3	3,4	3,4	26,8
Extremadura	2,6	1,7	0,0	1,7	1,0	6,8	1,3
Galicia	3,5	1,8	2,5	1,7	1,4	5,2	6,3
Madrid	2,3	2,5	2,6	2,4	-0,5	4,8	5,0
Murcia	5,9	4,3	4,0	4,4	1,9	2,5	15,2
Navarra	2,7	1,6	1,0	1,8	0,0	6,6	4,9
País Vasco	7,3	2,2	1,4	2,8	1,7	10,0	15,0
A Ríoxa	1,9	1,7	-0,3	2,0	1,9	2,2	4,6
Total	5,0	2,8	1,9	2,8	1,6	6,2	10,7

(1) base 2000
Fonte: INE

CADRO 1.4.5. ▲

No caso dos produtos agrícolas, o índice xeral de **prezos percibidos polos agricultores** medrou un 0,9% en relación ao ano 2003, mentres que os prezos pagados no caso dos bens e servizos de uso corrente o fixo nun 4,4% e un 3,5% no caso dos bens de investimento.

Atendendo á desagregación segundo produtos, o índice de prezos percibidos polos agricultores descende no caso dos produtos agrícolas (-0,4%), vexetais (-0,2%) e forestais (-4,4%), mentres que medrou no caso dos produtos animais (2,7%) e gandeiros (2,2%).

ASIGNACIÓN FUNCIONAL DA RENDA

Os datos das *Contas económicas de Galicia 1995-2002* (base 2000), publicadas polo IGE en marzo de 2005, indican que ao longo dos oito anos considerados, a participación da remuneración dos asalariados na renda descendeu en 0,7 puntos porcentuais, pasando do 46,8% do primeiro ano da serie aos 46,1% de 2002. Tendo en conta a desagregación entre soldos e salarios e cotizacións sociais, o **cadro 1.4.6.** amosa que este descenso é de 0,5 puntos porcentuais no caso dos salarios e de dúas décimas no caso das cotizacións sociais.

Pola contra, a participación dos excedentes brutos de explotación/rendas mixtas acada os 43,4% en 2002, unha décima máis que en 1995, mentres que o peso relativo dos impostos netos sobre produción e importacións medrou seis décimas ata os 10,5% de 2002.

Comparando os dous últimos anos da serie, a remuneración de asalariados medrou un 6,6%, sendo esta medra do 5,9% no caso dos excedentes brutos de explotación e rendas mixtas e do 6,2% no caso dos impostos netos á produción e ás importacións.

Se se ten en conta que a importancia relativa da poboación asalariada no conxunto do emprego –medido en termos do número de postos de traballo equivalente a tempo completo– medra de xeito continuado dende o 68,8% de 1995 ata os 77,4% de 2002, os datos das *Contas económicas* indican unha caída da

Asignación funcional da renda en Galicia 1995-2002

	Remuneración dos asalariados			Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado
	Soldos e salarios	Cotizacións sociais				
(en millóns de €. Prezos correntes)						
1995	11.207,4	8.784,1	2.423,3	10.380,9	2.360,4	23.948,7
1996	11.902,2	9.328,7	2.573,6	10.942,1	2.491,2	25.335,6
1997	12.479,9	9.796,9	2.683,0	11.794,5	2.677,2	26.951,6
1998	13.294,5	10.484,3	2.810,2	12.530,5	3.010,5	28.835,4
1999	14.336,5	11.287,0	3.049,5	13.409,2	3.429,0	31.174,7
2000	15.510,5	12.240,9	3.269,6	14.523,3	3.631,6	33.665,4
2001	16.583,4	12.984,7	3.598,7	15.725,2	3.790,3	36.099,0
2002	17.683,4	13.882,0	3.801,4	16.651,8	4.026,4	38.361,6
(%)						
1995	46,8	36,7	10,1	43,3	9,9	100
1996	47,0	36,8	10,2	43,2	9,8	100
1997	46,3	36,4	10,0	43,8	9,9	100
1998	46,1	36,4	9,7	43,5	10,4	100
1999	46,0	36,2	9,8	43,0	11,0	100
2000	46,1	36,4	9,7	43,1	10,8	100
2001	45,9	36,0	10,0	43,6	10,5	100
2002	46,1	36,2	9,9	43,4	10,5	100

Fonte: IGE, Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2002

◀ CADRO 1.4.6.

Aumento salarial pactado en Galicia e España 2002-04

	2002	2003	2004
(%)			
Galicia			
Total convenios	4,00	3,91	4,04
Convenios de empresa	3,70	3,13	3,33
Convenios de outro ámbito	4,06	4,05	4,17
España			
Total convenios	3,85	3,67	3,61
Convenios de empresa	3,62	2,93	3,17
Convenios de outro ámbito	3,88	3,76	3,66

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos sociales

◀ CADRO 1.4.7.

participación dos asalariados na renda. En 1995, o 68,8% dos traballadores repartíanse o 46,8% da renda, en tanto que no último ano considerado, o 46,1% da renda distribúese entre o 77,4% dos asalariados.

CUSTOS E SALARIOS

O **aumento salarial pactado** rexistrou en Galicia un lixeiro avance en 2004, ao presentar unha medra do 4,04% fronte ao 3,91% do ano 2003. Atendendo á desagregación entre convenios de empresa e convenios doutro ámbito, o **cadro 1.4.7.** amosa que estes medraron un 3,33% e 4,17%, respectivamente. Comparado co total estatal, Galicia presenta un aumento salarial pactado superior á media española, sendo esta superior tanto no caso dos convenios de empresa como nos doutro ámbito.

Os datos do Índice de Costes Laborales, que xunto á medición do incremento salarial pactado en convenio, inclúe a deriva salarial, o impacto das cláusulas de salvagarda e os custos non salariais, amosan que o **custo laboral** medio por

Custos laborais en Galicia e España e España 2003-04: distribución segundo sectores económicos e compoñentes do custo

		2003				2004			
		Galicia		España		Galicia		España	
		Total	Industria	Construcción	Servizos	Total	Industria	Construcción	Servizos
		(en €)							
Custo laboral por traballador e mes									
Custo total		1.734,19	1.903,02	1.739,16	1.660,06	1.992,40	2.269,39	1.902,34	1.918,15
Custo salarial total		1.271,54	1.397,59	1.220,70	1.230,72	1.480,17	1.684,08	1.351,12	1.438,07
Custo salarial ordinario		1.112,80	1.215,10	1.099,28	1.072,33	1.283,62	1.432,34	1.212,36	1.248,29
Outros custos non salariais		462,65	505,43	518,46	429,34	512,23	585,32	551,23	480,08
Custo por percepcións non salariais		62,53	51,44	93,25	59,13	64,22	68,49	81,37	59,37
Custo por cotizacións obrigatorias		413,18	467,61	432,41	384,59	463,53	535,11	482,46	435,88
Subvencións e bonificacións da S. Social		13,06	13,63	7,21	14,37	15,52	18,29	12,60	15,18
Custo laboral por hora efectiva									
Custo total por hora		12,43	13,11	11,43	12,41	14,37	15,86	12,74	14,21
Custo salarial total por hora		9,11	9,63	8,02	9,20	10,68	11,77	9,05	10,65
Custos salarial ordinario por hora		7,97	8,37	7,23	8,02	9,26	10,02	8,12	9,25
Outros custos por hora		3,32	3,48	3,41	3,21	3,70	4,10	3,69	3,56
Custo laboral por traballador e mes									
Custo total		1.761,38	1.947,22	1.698,95	1.700,25	2.051,56	2.346,38	2.001,51	1.988,20
Custo salarial total		1.290,09	1.434,24	1.190,35	1.255,06	1.520,94	1.740,09	1.407,63	1.474,30
Custo salarial ordinario		1.124,28	1.226,23	1.078,40	1.093,54	1.310,13	1.470,24	1.258,59	1.269,71
Outros custos non salariais		471,29	512,98	508,60	445,19	530,62	606,29	593,88	493,91
Custo por percepcións non salariais		64,77	52,09	83,86	65,32	71,10	74,88	100,03	64,10
Custo por cotizacións obrigatorias		420,37	477,46	433,18	393,90	476,37	551,52	506,65	446,44
Subvencións e bonificacións da S. Social		13,84	16,57	8,45	14,03	16,85	20,11	12,80	16,63
Custo laboral por hora efectiva									
Custo total por hora		12,69	13,55	11,30	12,69	14,92	16,50	13,46	14,71
Custo salarial total por hora		9,30	9,98	7,93	9,37	11,06	12,24	9,47	11,02
Custos salarial ordinario por hora		8,10	8,52	7,17	8,16	9,53	10,34	8,46	9,49
Outros custos por hora		3,40	3,57	3,38	3,32	3,86	4,26	3,99	3,70

Fuente: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Índice de Costes Laborales

traballador e mes en Galicia en 2004 medrou un 1,6% respecto á media do ano anterior, dous puntos porcentuais menos que en 2003. Esta desaceleración ven motivada fundamentalmente polo comportamento dos custos non salariais, aínda que tamén se rexistrou unha moderación no incremento dos custos salariais.

No conxunto do Estado tamén se produce esta ralentización do incremento do custo laboral, que se incrementa nun 3,0%. En termos monetarios, o custo laboral total situouse en Galicia nos 1.761,38 euros, fronte aos 2.051,56 euros de media en España.

Este custo total pódese dividir en custo salarial medio por traballador e mes, que se sitúa en 1.290,09 euros (un 1,5% superior á do ano 2003), e en “outros custos non salariais”, que acadan os 471,29 euros por traballador e mes (un 1,9% máis que no mesmo período do ano anterior). Comparado co total estatal, o **cadro 1.4.8.** reflicte que tanto os custos salariais como non salariais rexistran en Galicia incrementos inferiores aos do conxunto do Estado.

A industria é o sector co nivel máis elevado do custo laboral por traballador e mes, cunha media de 1.947,22 euros, seguido dos servizos e da construción, con 1.700,25 e 1.698,95 euros, respectivamente. Comparado co ano anterior, o incremento do nivel do custo laboral por traballador e mes en Galicia na industria e nos servizos (2,3% e 2,4%, respectivamente) é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (3,4% e 2,6%, respectivamente). Asemade, cómpre salientar que mentres que en España o custo laboral medio por traballador e mes no sector da construción medrou un 5,2%, en Galicia este descendeu un 2,3% respecto ao ano anterior.

Un factor de análise sempre discutido no contexto da creación da inflación é a variación dos salarios monetarios. Tendo en conta a relación entre as ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes e os incrementos salariais pactados, Galicia é a terceira comunidade autónoma cos salarios reais máis baixos, con 1.124,28 euros en 2004 (185,85 euros menos que a media no conxunto do Estado), por diante de Estremadura, e Murcia. En termos relativos, o incremento salarial real en Galicia foi de 1,0%, un punto e unha décima inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, sendo a segunda comunidade autónoma co menor incremento respecto ao ano anterior, tras Estremadura.

Cómpre salientar que tanto os datos estatísticos relativos á negociación colectiva (por mor do posible solapamento de cifras entre as unidades de negociación funcionais e territoriais) como os relativos ao crecemento real dos salarios e a propia representatividade da mostra, que non se corresponde coa totalidade da poboación asalariada, hai que analizalos con cautela.

No concernente ao **tempo medio de traballo** por traballador e mes, **cadro 1.4.9.**, o número de horas efectivamente traballadas descendeu lixeiramente tanto en Galicia como no conxunto do Estado, acadando as 139,0 horas e 137,8 horas no ano 2004, respectivamente. Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 148,8 horas efectivamente traballadas (147,9 horas de media en España), e os traballadores a tempo parcial, un total de 72,6 horas ao mes (73,6 horas no conxunto do Estado).

Atendendo á distribución sectorial, tanto no conxunto do Estado como en Galicia, a construción é o sector de actividade con máis horas pactadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos. No caso dos traballadores a tempo completo, a construción é o sector que presenta un maior número de horas pac-

Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2003-04: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

2003								
	Total sectores		Industria		Construcción		Servizos	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	158,7	159,1	166,8	166,4	168,6	170,7	154,0	152,8
Traballadores a tempo completo	169,8	170,2	170,9	171,0	171,4	172,0	169,0	169,2
Traballadores a tempo parcial	83,0	79,8	85,6	100,8	82,3	81,3	82,8	76,4
Horas pagadas								
Total traballadores	159,4	159,7	167,9	167,7	168,9	171,4	154,6	153,1
Traballadores a tempo completo	170,6	170,9	172,0	172,3	171,8	172,7	169,7	169,7
Traballadores a tempo parcial	83,2	79,8	85,7	100,9	82,3	81,3	83,0	76,5
Horas efectivas								
Total traballadores	138,9	139,7	143,6	145,3	149,5	152,2	135,2	134,0
Traballadores a tempo completo	148,5	149,4	147,0	149,1	152,0	153,4	148,2	148,1
Traballadores a tempo parcial	73,5	71,5	76,0	90,8	74,2	69,5	73,3	68,5
Horas non traballadas								
Total traballadores	20,6	20,2	24,6	22,8	19,6	19,2	19,5	19,4
Traballadores a tempo completo	22,2	21,9	25,3	23,7	20,0	19,3	21,6	21,8
Traballadores a tempo parcial	9,7	8,3	9,7	10,2	8,1	11,9	9,8	8,0
Horas extra por traballador								
Total traballadores	0,8	0,7	1,3	1,5	0,5	0,6	0,7	0,4
Traballadores a tempo completo	0,9	0,8	1,4	1,6	0,5	0,6	0,8	0,5
Traballadores a tempo parcial	0,2	0,0	0,1	0,1	0,0	-	0,2	0,1
2004								
	Total sectores		Industria		Construcción		Servizos	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	158,1	158,4	166,6	166,3	168,5	169,8	153,3	152,4
Traballadores a tempo completo	169,9	170,0	171,0	171,2	171,4	171,9	169,1	169,0
Traballadores a tempo parcial	83,1	79,5	86,8	94,4	80,7	78,0	82,9	77,5
Horas pagadas								
Total traballadores	158,7	159,0	167,6	167,1	168,8	170,2	153,9	153,0
Traballadores a tempo completo	170,6	170,6	172,1	172,1	171,7	172,3	169,8	169,4
Traballadores a tempo parcial	83,3	80,4	86,9	94,4	80,6	78,0	83,1	78,4
Horas efectivas								
Total traballadores	137,8	139,0	142,7	144,0	149,0	150,6	134,0	134,2
Traballadores a tempo completo	147,9	148,8	146,4	148,0	151,5	152,4	147,6	148,1
Traballadores a tempo parcial	73,6	72,6	76,9	83,6	72,6	71,7	73,3	71,1
Horas non traballadas								
Total traballadores	21,1	20,4	25,3	23,9	20,0	19,7	20,0	19,1
Traballadores a tempo completo	22,9	22,3	26,2	24,8	20,4	20,0	22,3	21,7
Traballadores a tempo parcial	9,8	7,8	10,0	10,8	8,2	6,3	9,8	7,4
Horas extra por traballador								
Total traballadores	0,8	0,8	1,4	1,3	0,4	0,5	0,7	0,6
Traballadores a tempo completo	0,9	0,8	1,4	1,4	0,4	0,5	0,8	0,6
Traballadores a tempo parcial	0,3	0,8	0,1	0,1	-	-	0,3	1,0

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Índice de Costes Laborales

CADRO 1.4.9. ▲

tadas e efectivas, mentres que a industria é o sector con máis horas pactadas e efectivas a tempo parcial.

A pesar deste lixeiro descenso do número de horas efectivamente traballadas, en 2004 medrou o **custo laboral por hora efectiva**, que acada un valor monetario en Galicia de 12,69 euros (14,92 euros de media en España). Este incremento prodúcese tanto no custo salarial como en “outros custos”.

A **productividade aparente de factor traballo**, medida como o cociente entre o produto interior bruto (prezos constantes) e o emprego (datos segundo a metodoloxía 2005), ao contrario do acontecido no conxunto do Estado, acelerouse en Galicia en 2004 en 1,7 puntos porcentuais (descende un 1,2% no conxunto do Estado). Se se ten en conta o dato do PIB a prezos correntes, os datos do

**Productividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2003-2004:
distribución segundo sectores**

		2003		2004	
		Galicia	España	Galicia	España
Producción (prezos correntes)	<i>(en miles de €)</i>				
PIB prezos de mercado		39.683.156	744.754.000	42.421.254	798.672.000
VEB sector primario		2.076.503	21.932.000	2.157.470	22.311.000
VEB industria		7.161.046	129.715.000	7.479.134	136.105.000
VEB construción		4.009.127	67.600.000	4.469.772	76.050.000
VEB servizos		23.812.427	476.233.000	25.306.581	507.542.000
Producción (prezos constantes)	<i>(en miles de €)</i>				
PIB prezos de mercado		30.631.650	570.556.000	31.552.196	585.877.000
VEB sector primario		1.875.988	21.177.000	1.911.240	21.059.000
VEB industria		6.714.236	118.196.000	6.822.593	120.720.000
VEB construción		2.801.194	45.802.000	2.908.529	47.485.000
VEB servizos		17.494.204	352.840.000	18.049.564	362.052.000
Emprego	<i>(en miles de persoas)</i>				
Total		1.069,4	17.296,0	1.083,7	17.970,8
Sector primario		135,6	991,0	124,6	988,9
Industria		206,3	3.200,8	206,6	3.210,9
Construción		125,5	2.101,7	130,9	2.253,2
Servizos		602,1	11.002,5	621,5	11.517,7
Productividade aparente (p. correntes)	<i>(en € por ocupado)</i>				
Total		37.107,0	43.059,4	39.146,6	44.442,8
Sector primario		15.313,4	22.131,2	17.318,6	22.560,9
Industria		34.720,2	40.525,8	36.196,7	42.388,1
Construción		31.951,6	32.165,2	34.139,9	33.752,0
Servizos		39.549,0	43.284,0	40.716,9	44.066,2
Productividade aparente (p. constantes)	<i>(en € por ocupado)</i>				
Total		28.643,1	32.987,8	29.116,6	32.601,7
Sector primario		13.834,7	21.369,3	15.342,1	21.294,8
Industria		32.553,9	36.927,0	33.019,2	37.596,6
Construción		22.324,7	21.793,4	22.215,2	21.074,5
Servizos		29.055,3	32.069,0	29.040,8	31.434,3
Productividade aparente (p. correntes)	<i>(%)</i>				
Total		86,2	100	88,1	100
Sector primario		69,2	100	76,8	100
Industria		85,7	100	85,4	100
Construción		99,3	100	101,1	100
Servizos		91,4	100	92,4	100
Productividade aparente (p. constantes)	<i>(%)</i>				
Total		86,8	100	89,3	100
Sector primario		64,7	100	72,0	100
Industria		88,2	100	87,8	100
Construción		102,4	100	105,4	100
Servizos		90,6	100	92,4	100

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Índice de Costes Laborales

cadro 1.4.10. amosan que a produtividade aparente en Galicia medrou nun 5,5% respecto ao ano anterior (1,1 puntos porcentuais máis que a media española).

▲ CADRO 1.4.10.

Se a media estatal é 100, o PIB (prezos correntes) por ocupado en Galicia acada en 2004 un valor do 88,1%, sendo esta porcentaxe do 76,8% no caso do sector primario e do 101,1% no da construción.

RESULTADOS EMPRESARIAIS

Un último elemento a ter en conta á hora de analizar os agregados da renda é o que fai referencia aos resultados económicos das empresas. Aínda que esta memoria dedica un capítulo ao estudo do desenvolvemento do tecido empresarial galego, o que se pretende neste apartado é resaltar, de forma xenérica, os principais indicadores dos resultados empresariais segundo os datos da Central de Balances.

Os datos do terceiro trimestre de 2004 indican unha desaceleración do VEB a custo de factores por mor da evolución dos custos externos, que fan que os

CADRO 1.4.11. ►

Principais resultados da empresa galega 3º trimestre de 2003-2004			
		2003	2004
		<i>(en taxas de variación interanual)</i>	
Actividade económica			
Ingresos de explotación		5,84	4,71
Consumos de explotación		7,87	5,61
Valor engadido bruto a custo de factores	(%)	6,22	2,08
Resultado económico bruto de explotación		1,49	3,18
Resultado neto		9,92	3,75
Emprego e produtividade			
Número de empregados		0,86	-1,26
Gastos de persoal	(%)	6,82	2,21
Salarios e remuneracións		6,62	2,51
		<i>(en diferencias)</i>	
Productividade do traballo			
Ingresos de explotación por empregado	(en €)	-1.318,08	9.497,47
Valor engadido bruto por empregado	(en €)	1.258,14	173,54
Custos persoal / VEB	(%)	1,45	-0,91
Rendibilidade económica			
Marxe sobre vendas	(%)	-0,42	0,28
Rotación de activo		1,09	-0,43
		-0,02	0,01
Rendibilidade financeira			
Coefficiente de apancamento	(%)	-0,60	0,44
		-1,08	0,57

(1) Taxas de variación da mediana-P₅₀
 Fonte: IGE, Central de Balances

consumos de explotación medren por riba dos ingresos de explotación. As diferentes variables de actividade presentan taxas de variación interanuais positivas, salientando os ingresos de explotación, que medran un 4,7% e os consumos de explotación, co 5,6%. Trala medra do 2,1% do VEB a custo de factores, o peso relativo desta variable nos ingresos de explotación acada o 38,0%, tres puntos menos que no mesmo período do ano anterior.

Mentres que o número de empregados no terceiro trimestre descende un 1,3% respecto ao terceiro trimestre de 2003, os gastos de persoal e os salarios e remuneracións medias medran un 2,2% e 2,5%, respectivamente. O **cadro 1.4.11.** indica un incremento dos ingresos de explotación e do VEB, así como unha lixeira caída no cociente entre custos de persoal e valor engadido bruto.

No que atinxe á evolución interanual da rendibilidades económica e financeira, tanto unha coma outra presentan unha variación interanual positiva. A rendibilidade económica acumulada ao terceiro trimestre de 2004 rexistra unha lixeira mellora, pasando do 3,9% ao 4,2%. Oito de cada dez empresas analizadas amosan rendibilidade económicas positivas, presentando un 13,7% do total de empresas rendibilidades superiores ao 15%.

A rendibilidade financeira presenta unha lixeira melloría respecto ao mesmo período do ano anterior, acadando o 9,4% en 2004 (catro décimas superior á do ano anterior). Case a metade das empresas consideradas presentan rendibilidades financeiras acumuladas superiores ao 10%, e en torno ao 80% acadan rendibilidades acumuladas positivas. ■